

## Balea boreal

### Outros nomes:

Rorcual norteño o ballena boreal (ESP)  
Ipar zerea(EUS)  
Baleia sardineira (POR)  
Sei whale (ENG)  
Seihval (NOR)  
Seiwal (DAN)  
Rorqual du Nord (FRA)  
Noordse vinvis (DEU)




### Características



Acada unha lonxitude máxima de ata 20 metros, aínda que os exemplares do Hemisferio Sur son maiores que os do Norte, e as femias maiores que os machos.

Coloración gris escura. A aleta dorsal é relativamente grande e alta, acadando entre un 3-4,6% da lonxitude corporal. Sobre a cabeza presenta unha única crista lonxitudinal desde o espiráculo ata o extremo anterior. As barbas son grises escuras.

Especie cosmopolita distribuída por todos os océanos do mundo en ambos Hemisferios, aínda que tende a permanecer en augas máis amornadas que outros rorcuales. As poboacións de ambos Hemisferios non manteñen contacto dado que os exemplares realizan migracións latitudinais no verán e no inverno, relacionadas coa reprodución e a alimentación, polo que as poboacións de ambos Hemisferios non coinciden no Ecuador durante a mesma época do ano.



### Surtidor e serie de inmersión



Acadan a madurez sexual entre os 5 e os 15 anos de idade, cunha lonxitude de 13 m no caso dos machos e de 14 m no das femias.

Tras un periodo de xestación que dura 12 meses, nace o baleato, cunha lonxitude de 4,4 m. É amantado pola súa nai durante 7 meses, e a continuación comeza a migración estacional cara ás áreas de alimentación do norte.

A súa distribución resulta algo impredecible, xa que pode ser moi abundante nunha área, e posteriormente estar ausente nela durante moitos anos. Son observadas no Banco de Galicia e nas augas oceánicas do norte e noroeste Peninsular penetrando tamén no Golfo de Bizkaia.

Presenta diversas estratexias de alimentación, o que lle permite levar unha dieta máis xeneralista que outras especies de baleas, alimentándose de crustáceos, pequenos peixes e cefalópodos.



Entre 1885 e 1984 foron capturadas 14.295 baleas no Atlántico Norte, sobre todo por parte das frots noruega, canadense e islandesa. Nas costas españolas cazáronse preto de 300 exemplares entre 1951 e 1980, sendo procesadas nas factorías que operaron en Galicia ata 1985.

## Situación de protección

A **Directiva Hábitat (92/43/CEE) da UE, relativa á conservación dos hábitats Naturales e da Fauna e Flora Silvestres**, nace como contribución da Unión Europea ao Cumio de Río para a conservación da biodiversidade (1992). Esta Directiva baséase por unha banda na designación de áreas de interese para as especies, denominada Rede Natura 2000, e no establecemento dun réxime común de protección para as especies estritamente protexidas.

No Anexo II recóllense as Especies animais e vexetais de interese comunitario que precisan da designación de zonas especiais de conservación. Entre estas especies figuran varias especies de cetáceos.

A transposición desta normativa á lexislación española e autonómica dá lugar á inclusión da especie na categoría de protección de **Vulnerable**, o que obriga á posta en marcha de Plans de Conservación.



## Ameazas

Esta especie sofre as ameazas das actividades humanas:

Captura accidental en faenas pesqueiras

Contaminación química e acústica

Destrución do hábitat

Sobrepesca

Acoso e persecución por embarcacións de recreo

Impacto da navegación

A análise das ameazas, e a súa incidencia, indica que é necesario a rectificación das mesmas, eliminándoas ou minimizándoas, para garantir a supervivencia e bo estado da especie.

## Proxecto para a conservación das especies de cetáceos

Para a posta en marcha dos **Plans de Conservación** das especies de cetáceos protexidas, necesítase unha recompilación de información mínima relativa á ecobiología básica dispoñible da especie, parámetros mínimos de información comportamental, ameazas potenciais e ao establecemento de medidas de conservación. Para iso lévase a cabo o proxecto: **Bases para o desenvolvemento dos plans de conservación das especies de cetáceos protexidas na "Demarcación mariña noratlántica"**.

Ten como obxecto a realización dun completo catálogo recompilatorio de información das especies de cetáceos incluídas no Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro, para o desenvolvemento da **Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas**, que están presentes no Norte Peninsular, de Galicia a Euskadi, así como nas augas da Zona Económica Exclusiva do Estado Español no Noroeste e Golfo de Biskaiá, das que se teña información.

Este proxecto impulsado por **CEMMA-INT** conta coa colaboración de todas as entidades ambientais que traballan en cetáceos do Norte: **AMBAR, CEMMA, CEPESMA, e EIBE**, contando ademais coa colaboración dos máis importantes investigadores do Sur de Europa.

## Organizan:

**CEMMA-INT**  
[www.cemma.org](http://www.cemma.org)  
[localcemma@arrakis.es](mailto:localcemma@arrakis.es)

**AMBAR**  
[www.ambarcetaceos.com/](http://www.ambarcetaceos.com/)

**CEPESMA**  
[www.cepesma.org](http://www.cepesma.org)

**EIBE**  
[www.eibeh.org](http://www.eibeh.org)



## Coa colaboración de:



Deseño e maquetación: ASTROPENTA MEDIO AMBIENTE SL. Fotos: © CEMMA. Idea orixinal © CEMMA-INT. Imprime: . DEP. LEGAL:

# Balea boreal

*Balaenoptera borealis*

